

ASISTENTES:

Presidenta:

Dona Dolores Fernández Galiño

Vicepresidenta:

Dona María Xosé Porteiro García

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

Don Javier Enrique Fraga Campo

Polo Consello Consultivo

Dona Ana María López Guizán

Polo Consello de Contas

Dona Isabel García Garrido

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Dona Lucía González Louro

Secretario:

Don Santiago González Serrano

En Santiago de Compostela ás 12.00 horas do día 29 de outubro de 2019, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, terceiro piso, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 22 de outubro de 2019, ten lugar a XXXV sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma procédese de acordo coa seguinte orde do día:

1. - Saúda

A presidenta inicia a sesión cunha benvida aos membros. Constátase a existencia de quórum suficiente para a celebración da reunión.

2. - Aprobación, se procede, da acta da sesión do 19 de setembro de 2019.

Constátase o envío da acta da sesión XXXIV. Estando conformes todos os membros presentes apróbese por asentimento.

3. - Resolución, se procede, dos expedientes tramitados

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

Nº	Sentido
RSCTG/108/19	Estimación
RSCTG/109/19	Desestimación
RSCTG/111/19	Estimación por motivos formais
RSCTG/112/19	Desestimación
RSCTG/113/19	Estimación para retroacción
RSCTG/114/19	Estimación parcial

Nº	Sentido
RSCTG/121/19	Dilixencia de arquivo
RSCTG/122/19	Inadmisión
RSCTG/123/19	Estimación parcial
RSCTG/124/19	Desestimación
RSCTG/125/19	Estimación
RSCTG/126/19	Estimación parcial

RSCTG/116/19	Estimación por motivos formais	RSCTG/127/19	Arquivo por desistencia
RSCTG/117/19	Estimación	RSCTG/128/19	Desestimación
RSCTG/118/19	Inadmisión	RSCTG/136/19	Inadmisión
RSCTG/119/19	estimación por motivos formais	RSCTG/144/19	Inadmisión
RSCTG/120/19	Inadmisión		

Respecto do expediente RSCTG 115/19, acórdase abrir trámite de audiencia ao terceiro interesado no expediente, de conformidade co disposto no artigo 24.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

4. Aprobación, se procede, das seguintes propostas de resolución para a solicitude de emisión de informe polo Consello Consultivo de Galicia: REV 1/2019, REV 2/2019

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos expedientes dos recursos extraordinarios de revisión REV 1/2019, REV 2/2019, e acórdase a súa remisión ao Consello Consultivo de Galicia para a emisión do preceptivo ditame, de conformidade co disposto nos artigos 125 e 126 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e o artigo 12.f) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

5. Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase manter a celebración da seguinte reunión o 26 de novembro de 2019 ás 12.00 horas.

6. . - Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo máis cuestións que tratar, sendo as 14:10 horas, levántase a sesión, da que se estende a presente acta.

Maria Dolores Fernández Galiño
Presidenta de la Comisión da Transparencia

Santiago González Serrano
Secretario da Comisión da Transparencia